

I XORNADA ENOTURÍSTICA DE SOUTOMAIOR

- A actividade é **de balde** e terá lugar o **12 de novembro**
- Só poden inscribirse **as persoas maiores de 18 anos**
- Serán **visitas guiadas** polas tres adegas coas que contamos en Soutomaior
- Haberá tres pases en cada adega: **ás 10 h., ás 11.30 h. e ás 13 h.**
- **VISITA NOELIA BEBELIA:** Simón e Noelia explicarán como montaron a súa adega dende cero mentres fan un percorrido polos viñedos (**30 PRAZAS POR PASE**)
- **VISITA COSECHEROS DE SOUTOMAIOR:** Ángel explicará o método de elaboración do viño mentres fai un percorrido pola súa adega (**15 PRAZAS POR PASE**)
- **VISITA QUINTA DAS EIRAS:** Javi explicará a tradición vinícola en Soutomaior mentres fai un percorrido polo seu museo do viño (**15 PRAZAS POR PASE**)
- Ao remate de cada pase haberá **unha pequena degustación do albariño** das adegas



PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN (do 30 de outubro ao 9 de novembro)

- As persoas interesadas en inscribirse deben enviar un **correo electrónico** a **prensa@soutomaior.gal** cos seguintes datos: NOME E APELIDOS/DNI/DATA DE NACEMENTO/TELÉFONO DE CONTACTO
- Nese correo electrónico tamén hai que indicar **a cantos pases** quere acudir a persoa interesada (maximo 3 pases) e **a que adega** quere ir en cada pase
- **EXEMPLO:** "Quero acudir a dous pases. Ao pase das 10 h. quero ir a Noelia Bebelia e ao pase das 11.30 h. quero ir a Cosecheros de Soutomaior"
- As persoas que se inscriban recibirán un correo electrónico de confirmación no que se indicará a ubicación das tres adegas
- No caso de completar as prazas, **farase unha lista de agarda** con todas as persoas anotadas posteriormente
- As persoas inscritas que non poidan acudir deberán comunicalo **antes do 11 de novembro ás 14 h.** no correo prensa@soutomaior.gal, co obxectivo de poder tirar da lista de agarda
- Para **calquera dúbida**, preguntade en prensa@soutomaior.gal ou poñédevos en contacto co Concello

